

INFORME PROPOSTA

Con data 03 de novembro de 2015 o director da Banda Ferrolá de Música do Concello de Ferrol, don Narciso Pillo Guerreiro comunica a esta concellería (nº de rexistro 62421) a necesidade de cubrir as baixas dos bolseiros na Banda Ferrolá de Música nas especialidades de trompa, bombardino e tuba e insta á convocatoria pública para a cobertura das anteditas prazas.

Coa finalidade de que a provisión das prazas de bolseiros da Banda se realice con respecto aos principios de publicidade, igualdade e obxectividade, resolvo o seguinte:

Primeiro.- Aprobar as seguintes **bases** que rexerán a provisión en calidade de bolseiro, da praza de trompetista na Banda Ferrolá de Música:

1-Obecto das bases:

A cobertura **de 2 prazas na especialidade de trompa, unha de bombardino e 2 de tuba** , en calidade de bolseiro.

A adscrición a unha categoría concreta (primeiro e solista) realizarase con posterioridade á proba práctica e previa proposta polo director da Banda, en virtude do nivel do seleccionado.

De conformidade coas retribucións e dependendo da categoría concreta de adscrición, estas oscilarán entre 222,50 € e 254,00 € mensuais (primeira e solista).

2.-Presentación de instancias

O prazo de presentación de instancias será do 16 ao 28 de decembro de 2015 no Rexistro Xeral do Concello de Ferrol. De luns a venres en horario de 9 a 14 horas e os sábados de 9 a 13 horas.

Os aspirantes deberán presentar instancia de participación dirixida ao Concello de Ferrol. Negociado de Cultura.

A relación dos aspirantes admitidos publicaranse, cunha antelación mínima **dun día** á realización da proba de selección, na páxina web e no Taboleiro de anuncios deste Concello.

3.-Probas de selección

As probas de selección terán lugar no Teatro Jofre o próximo 30 de decembro ás 16:00 horas.

A orde de chamada dos aspirantes realizarase en función da orde de presentación da instancia no rexistro xeral de entrada do Concello de Ferrol, quedando a decisión do tribunal a orden de intervención das especialidades.

As probas de selección terán unha duración aproximada de 30 minutos e consistirán en:

1ª proba: interpretación dunha obra de libre elección polo aspirante.

2ª proba: interpretación co instrumento da especialidade á que se opta de dous “sos” para banda ou orquestra elixidos polo tribunal.

3ª proba: interpretación dun fragmento a vista. O aspirante disporá dun máximo de 5 minutos para a preparación desta interpretación.

4.- Tribunal

O tribunal estará composto por 3 membros, actuando todos con voz e con voto:

Presidente: Jesús Basterrechea López (concelleiro de cultura do Concello de Ferrol)

Vogal: Soraya García Riveiros (Conservatorio de Ferrol)

Secretario: Narciso Pillo Guerreiro (director da Banda Ferrolá de Música)

5.- Publicidade

A convocatoria da provisión das prazas ás que se refiren estas bases será publicada nos diarios de maior tirada da cidade.

As bases serán publicadas na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Propónse o concelleiro Delegado da area a aprobación das bases que rexeran a convocatoria das prazas .

Ferrol, 11 de decembro de 2015

O Concelleiro de Cultura

Asdo. : Jesús Basterrechea López

DECRETO.- Vista a proposta precedente veño en aprobala nos seus propios termos.

Así o manda e asina o Concelleiro delegado titular da Área de Cultura, Educación, Deportes e Turismo por delegación de alcaldía de data 29 de xuño de 2015 (BOP 09/07/2015)

O concelleiro delegado titular da Área de Cultura

Ante mín

O secretario

Asdo.-Bruno José Díaz Doce

Asdo.: